



CONCELLOS

CARBALLEDO

Anuncio

ACORDO REGULADOR DO PREZO PÚBLICO POR PRESTACIÓN DE SERVIZOS NO CENTRO DE DÍA DO CONCELLO DE CARBALLEDO

O Pleno municipal aprobou inicialmente, en sesión celebrada o 27 de marzo de 2025, a modificación do acordo de referencia. Transcorrido o período de información pública sen presentación de reclamacións ou suxerencia algunha, en virtude do art. 17 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado por Real Decreto Lexislativo 2/2004 de 5 de marzo, enténdese definitivo o acordo inicialmente adoptado e procédese á publicación do texto íntegro da Ordenanza.

ACORDO REGULADOR DO PREZO PÚBLICO POR PRESTACIÓN DE SERVIZOS NO CENTRO DE DÍA DO CONCELLO DE CARBALLEDO

Artigo 1. CONCEPTO, FUNDAMENTO E NATUREZA.

1.1.- De conformidade co previsto no artigo 127, en relación co artigo 41 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Facendas Locais (TRLHL), e de conformidade co disposto no artigo 20.4) en relación cos artigos 15 a 19 e 57, así como en exercicio das facultades concedidas polos artigos 133.2 e 142 da Constitución Española e polo artigo 106 da Lei 7 de 1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, o Concello de Carballedo establece o prezo público pola prestación de servizos no Centro de día propiedade desta entidade, que se rexerá por medio do presente acordo regulador.

1.2.- É obxecto deste prezo público a prestación de servizos no Centro de día do Concello de Carballedo, aquelas persoas que o soliciten e sexan admitidas na mesma.

1.3.- De conformidade co que establece o artigo 2.2 do citado Texto Refundido da Lei de Facendas Locais, o prezo público que se regula nesta Ordenanza ten o carácter de ingreso de dereito público da facenda local e para a súa cobranza ostentará as prerrogativas establecidas legalmente para a Facenda do Estado e actuará, no seu caso, conforme aos procedementos administrativos correspondentes.

Artigo 2. FEITO IMPOÑIBLE.

Constitúe o feito imponible do prezo público que se establece, a prestación dos servizos de asistencia e estancia no Centro de día do Concello de Carballedo ás persoas que se acollan a residir na mesma.

Artigo 3. PERSOAS OBRIGADAS AO PAGO.

2.1.- Están obrigadas ao pago do prezo público regulado nesta Ordenanza as persoas que se beneficien dos servizos ou actividades prestados no Centro, ou, no seu caso, cando as persoas prestatarias sexan incapacitadas, quen ostente a patria potestade, tutela ou custodia, ou as Administracións Públicas, Organismos, Entidades e persoas públicas ou privadas que, estando obrigadas por calquera título ao pago dos servizos sociais da persoa beneficiaria, soliciten os referidos servizos.

2.2.- Serán responsables subsidiarias do pago do prezo público as persoas obrigadas legalmente a dar alimentos ás persoas beneficiarias do servizo, en virtude do disposto no artigo 143 do Código Civil.

No seu caso, estarán subsidiariamente obrigadas ao pago aquelas persoas que se viron favorecidas por unha transmisión a título gratuito realizada pola persoa usuaria ou polo seu cónxuxe dentro do período dos dez anos anteriores á data da solicitude do servizo e, en todo caso, todas as transmisións gratúitas que efectuase a persoa beneficiaria do servizo a partir dos 65 anos. A obrigación de pago alcanza ata un importe máximo do valor actualizado dos bens e/ou dereitos transmitidos.

Artículo 4. PREZOS E SERVIZOS

4.1.- A contía do prezo público será a fixada nas tarifas seguintes para a prestación do servizo.

CENTRO DE DÍA (LUNS A VENRES)		
TRANSPORTE	IDA E VOLTA SÓ IDA OU VOLTA	2€ / DÍA 1€ / VIAXE
XORNADA COMPLETA	ENTRADA: 10:00 H SAÍDA: 18:00 H	450€
Outros servizos : a. Aseo especial: 20€. Menús: 4,50 €/día (estancias sen manutención).		

PREZOS EXENTOS DE IVE

4.2.- Aportacións dos usuarios

Os usuarios empadroados no Concello de Carballo abonanán o prezo público pola prestación do servizo en función do conxunto total de rendas percibidas segundo os tramos que figuran no cadro seguinte:

TRAMOS DE RENDA	IPREM	PORCENTAXE COPAGO	APORTACIÓN USUARIO
1	<1	62,5%	300,00€
2	1 - 1,5	75%	350,00€
3	>1,5	100%	450,00€

Os usuarios non empadroados no Concello de Carballo abonanán o seguinte prezo público pola prestación do servizo:

CENTRO DE DÍA (LUNS A VENRES)		
XORNADA COMPLETA	ENTRADA: 10:00 H SAÍDA: 18:00 H	450€
Outros servizos : b. Aseo especial: 20€.		

4.3 Variacións nas aportacións dos usuarios

a.- As porcentaxes de copago e conseguíntes aportacións dos usuarios están suxeitas a modificacións en función das variacións nas rendas percibidas a consecuente inclusión en un outro tramo.

b.- A porcentaxe de copago tamén verase modificado atendendo ás axudas outorgadas por calquera Administración pública con destino ao financiamento da estancia no Centro de día, independentemente das rendas percibidas polos usuarios.

4.4 Servizos incluídos

O Centro de Día do Concello de Carballo ofertará unha atención integral e polivalente, abarcando as necesidades da persoa para a mellora das súas capacidades funcionais e condicións de vida.

- Servizo de información e asesoramento.
- Servizo de atención a dependencia.
- Servizo de atención as dificultades da memoria.
- Servizo de fisioterapia.
- Servizo de terapia ocupacional.
- Servizo de psicoloxía.

Artigo 5.- OBRIGACIÓN DE PAGO.

5.1.- A obrigação de pago do prezo público regulado na presente Ordenanza nace desde o momento en que se inicie efectivamente a prestación dos servizos, aínda que se poderá esixir o depósito previo do seu importe total ou parcial, conforme ao artigo 46 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.

5.2.- Cando por causas non imputables á persoa obrigada ao pago do prezo público non se preste o servizo ou non se realice a actividade, procederá a devolución do importe correspondente.

5.3.- No suposto de inicio ou cesamento no uso do servizo, o prezo para satisfacer axustarase a esa circunstancia co consecuente prorrateo do mesmo por días naturais, que se calculará dividindo a cantidade mensual que corresponda por 30 días.

Artigo 6.- PAGO.

6.1 Forma de pago:

Primeira mensuralidade: mediante transferencia ou ingreso bancario na conta titularidade do Concello de Carballedo, notificada na resolución de adxudicación da praza de usuario, nos 5 días seguintes á firma do contrato. Tamén mediante domiciliación bancaria comunicada polo usuario/a nos 5 días seguintes á firma do contrato.

As restantes mensuralidades, ata a extinción do contrato, domiciliaranse na conta designada polo residente ou representante.

6.2 No suposto de incorporación ao centro dentro da segunda quincena do mes correspondente ou de estancia inferior ós quince días, facturarase a parte proporcional do prezo da praza correspondente aos días efectivamente gozados no centro.

6.3 Contra o pagamento da mensuralidade expedirase polo centro o correspondente recibo ou factura por duplicado, un para o expediente persoal custodiado no centro e outro para entregar á persoa usuaria. Nesta factura detallaranse os Servizos os que corresponda o pagamento.

Os recibos que figuran domiciliados, envíanse ás respectivas entidades para o seu cargo nas constas designadas polos /as contribuíntes.

A negativa ó pago polos servizos prestados permitirá ó centro resolver o contrato de admisión do residente, reservándose os dereitos a exercer acción legais que correspondan, tendentes ó total resarcimento do que lle é debido.

As débedas impagadas esixiranse mediante o procedemento administrativo de présa.

Artigo 7.- RESERVA DA PRAZA.

As ausencias forzosas transitorias por internamento nun centro sanitario ou convalecencia comportan a reserva da praza polo prazo máximo de UN MES, facturándose a totalidade do prezo a partir do primeiro día do segundo mes de ausencia. Entenderase por ausencia a partir de cinco días ininterrompidos sen ocupar praza.

O impago das cantidades correspondentes á reserva de praza determinará o dereito do centro á súa libre disposición.

O falecemento do residente será causa de extinción automática do contrato de admisión.

Neste caso, o centro poñerá a disposición do representante do residente ou dos seus herdeiros os obxectos persoais do falecido, tan pronto como sexan reclamados.

Artigo 8.- XESTIÓN POR DELEGACIÓN.

Se o Concello de Carballedo delega en calquera Organismo, propio ou alleo, as facultades de xestión do prezo público, as normas contidas no apartado anterior serán aplicables ás actuacións que haxa de levar a cabo a entidade delegada.

Artigo 9.- NORMAS DE APLICACIÓN.

Para o non previsto na presente Ordenanza, estarase ao establecido no Real Decreto Legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, así como na Lei Xeral Tributaria e demais normas legais concordantes e complementarias.

Artigo 10.- INFRACCIÓNS E SANCIÓN.

En todo o relativo á cualificación de infraccións tributarias, así como das sancións que as mesmas correspondan en cada caso, estarase ao disposto no Título IV: A potestade sancionadora da Lei Xeral Tributaria.

DISPOSICIÓN ADICIONAL ÚNICA.

1.- As tarifas contidas na presente Ordenanza actualizaranse anualmente froito da aplicación do IPC.

2.- Sempre que se produzan alteracións na tarifa, estas circunstancias serán comunicadas aos usuarios por quen designe o Concello e baixo a supervisión deste.

DISPOSICIÓN FINAL. O presente Acordo regulador entrará en vigor o día da súa íntegra publicación no Boletín Oficial da Provincia, permanecendo vixente ata a súa modificación ou derogación expresa."

Contra este acordo, que é definitivo en vía administrativa, os interesados poderán interpoñer recurso Contencioso-Administrativo ante a Sala do mesma orde do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia dentro do prazo de dous meses desde o día seguinte á publicación deste Edicto

Carballedo, 29 de maio de 2025.- O alcalde, Julio M. Yebra-Pimentel Blanco.

R. 1450

O CORGO

Anuncio

CORRECCIÓN DE ERROS NO ANUNCIO DA CONVOCATORIA PARA CUBRIR UNHA PRAZA DE OPERARIO/A DE SERVIZOS MÚLTIPLES

Por Resolución desta alcaldía do 15 de maio de 2025 aprobáronse as bases que rexerán a selección de persoal para cubrir unha praza de operario/a de servizos múltiples como persoal laboral fixo deste Concello, polo sistema de concurso-oposición, acordando convocar o proceso de selección publicando a convocatoria coas correspondentes bases no BOP de Lugo e un extracto no BOE e DOG.

As citadas bases publicáronse no BOP nº 116 do 23 de maio de 2025.

Detectada unha omisión involuntaria no Anexo II – modelo de solicitude, por Resolución da Alcaldía do 27 de maio, corrixióronse do seguinte xeito e ordeouse a publicación da corrección no BOP de Lugo:

- Corrixir o Anexo II – Modelo de Solicitude das bases que rexerán a selección de persoal para cubrir unha praza de operario/a de servizos múltiples como persoal laboral fixo deste Concello, polo sistema de concurso-oposición, incluíndo o parágrafo que se transcribe de seguido, antes da sinatura do solicitante, omitido involuntariamente:

“NOTA: os datos obtidos serán tratados de conformidade coas disposicións contidas no Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, de 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento dos datos persoais e á libre circulación destes datos, e a Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais, respecto das cales a persoa aspirante poderá exercer os dereitos previstos nos mesmos”

De tal xeito que o Anexo II – Modelo de solicitude queda do seguinte xeito:

“ANEXO II - MODELO DE SOLICITUDE.

D/Dona co D.N.I. núm. e con enderezo a efecto de notificacións enteléfono....., e dirección de correo electrónicoenterado da convocatoria para cubrir unha praza de operario de servizos múltiples, mediante concurso-oposición, publicada no BOP núm. de data.....,

DECLARA:

1º.-Que coñece o contido das bases reguladoras desta convocatoria.

2º.-Que na data de remate do prazo de presentación de solicitudes cumpre todos e cada un dos requisitos esixidos nas bases.

3º.- Que se compromete, caso de ser seleccionado, a aportar a documentación esixida nas bases unha vez rematado o procedemento de selección.

4º.- Que queda enterado da lexitimación do Concello do Corgo para o tratamento e publicación dos seus datos persoais (nome, apelidos e DNI) e das posibles causas de exclusión, no BOP de Lugo, e no seu caso, na páxina súa web, taboleiro de anuncios do concello e da sede electrónica, ao ser a publicidade un dos principios legais que debe observarse nos procedementos de selección.

5º.- Que declara baixo xuramento ou promete, que non foi separado do servizo de calquera das Administracións Públicas nin se atopa inhabilitado ou en situación equivalente nin foi sancionado por infracción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu Estado, nos mesmos termos o acceso ao emprego público.

Xunto coa presente solicitude, acompaño: (marcar o que proceda)

- Fotocopia compulsada da documentación acreditativa de estar en posesión do CELGA 3 ou equivalente (curso de iniciación ao galego, de acordo coa disposición adicional segunda da Orde do 16 de xullo de 2007, pola que se regulan os certificados acreditativos dos niveis de coñecemento de lingua galega, publicada no DOG nº 146, de 30 de xullo de 2007).

- Declaración de que non teño acreditado a posesión de CELGA ou equivalente (para os aspirantes que non posúan o CELGA 3 ou equivalente).

- O informe de vida laboral achegando a copia do contrato de traballo ou nomeamento como funcionario interino, acompañado dunha folia na que consta (Anexo IV), a data do contrato ou nomeamento como funcionario interino para o traballo de Operario/a de servizos múltiples, así como a súa duración en días, entidade contratante, no seu caso, centro de traballo da entidade contratante, se ten máis de un.

- Permiso de conducir da categoría C e o certificado de operador/a de maquinaria de movementos de terra vixente. (requisito ineludible para ser admitido ao proceso selectivo)

En vista do que SOLICITA:

Que se admita a presente solicitude, xunto coa documentación adxunta, para concorrer ao procedemento selectivo convocado.

“NOTA: os datos obtidos serán tratados de conformidade coas disposicións contidas no Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, de 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento dos datos persoais e á libre circulación destes datos, e a Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais, respecto das cales a persoa aspirante poderá exercer os dereitos previstos nos mesmos

En O Corgo,de.....de 20...

SR. ALCALDE DO CONCELLO DO CORGO

(Nota: No suposto de que o/a candidato/a que solicite participar no proceso selectivo teña algunha discapacidade, que por motivo da mesma precise ou necesite para a realización dos exercicios dalgunha medida especial –que non lle inhabiliten para o exercicio das funcións descritas na base 2.2, **deberá indicalo en documento aparte que achegará coa solicitude, debendo necesariamente aportar certificado do grao e tipo de discapacidade**, para que o tribunal poida adoptar as medidas necesarias, con carácter previo á realización das probas). Non obstante debера terse en conta lo establecido na base 3º letra b e na base 4º penúltimo parágrafo.”

O Corgo, 27 de maio de 2025.- O ALCALDE, Felipe Labrada Reija.

R: 1436

LUGO

Anuncio

CONCELLO DE LUGO. ORGANIZACIÓN MUNICIPAL DENDE O 28 DE MARZO DE 2025 (CORPORACIÓN 2023-2027).

A) Con data do 16 de abril de 2025, a Alcaldía ditou o Decreto número 3840, especificando as funcións do Director Xeral de Urbanismo e que, a seguir, se transcribe:

2025/G001/004130

Excmo. Sr. alcalde presidente do Excmo. Concello de Lugo, don Miguel Fernández Méndez.

O día 19 de marzo de 2025, determinouse a nova organización da corporación e dentro da ÁREA DE XESTIÓN INTEGRAL DE RECURSOS INTERNOS, URBANISMO E DEPORTES E XUVENTUDE e, en concreto, dentro da CONCELLERÍA DE CARÁCTER ESPECÍFICO DE URBANISMO E DEPORTES E XUVENTUDE, atópase integrado un DIRECTOR XERAL DE URBANISMO coas funcións que lle atribúe o artigo 56 do ROMGA en materia de urbanismo, de xeito que quedan adscritos á citada dirección xeral as unidades e os correspondentes postos de traballo que forman parte dos servizos de Urbanismo, Licenzas, Arquitectura, Oficina de Rehabilitación e Oficina de Arqueoloxía; cuxo director xeral de urbanismo, don Hipólito José Ramón Pérez Novo, foi nomeado polo acordo número 2/28 da Xunta de Goberno Local do 7 de febreiro de 2024. O Director Xeral queda configurado como o principal órgano de colaboración especializado no desenvolvemento e execución das políticas municipais neste caso urbanísticas, con funcións de dirección, coordinación e xestión técnica do servizo e persoal asignado.

Visto o acordo número 7/116, da Xunta de Goberno Local do 26 de marzo de 2025 de delegación de competencias deste órgano colexiado na concellería de carácter específico de Urbanismo, Deportes e Xuventude.

Esta Alcaldía, á vista dos cambios acaecidos e do disposto no artigo 124.4.b) e k) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e da necesidade de afrontar o que resta de mandato coa debida organización e coordinación, RESOLVE:

PRIMEIRO.- Deixar sen efecto o Decreto número 2840/2025, do 24 de marzo.

SEGUNDO.- Con carácter xeral, correspóndelle ao Director Xeral de Urbanismo, dentro do seu respectivo ámbito funcional e de responsabilidade, as funcións previstas no citado artigo 56 do ROMGA, en materia de urbanismo e nos distintos actos administrativos dictados e sinalados no corpo desta Resolución.

TERCEIRO.- Especificar como función propia da Dirección Xeral de Urbanismo a supervisión das propostas de resolución elevadas ao concelleiro delegado ou tenente delegado de área, de ser o caso, así como aos distintos órganos competentes, distintos dos anteriores (Xunta de Goberno Local ou Pleno) mediante a sinatura das mesmas xunto coa do xefe de servizo ou técnico correspondente e de ser o caso do Concelleiro Delegado.

CUARTO.- Déase traslado ao Servizo de Urbanismo.

Cúmprase.

Asinado dixitalmente polo Excmo. Sr. alcalde presidente, don Miguel Fernández Méndez.

B) Na sesión plenaria celebrada o día 30 de abril de 2025, adoptáronse os acordos seguintes cuxa parte resolutiva, resumida, é a seguinte:

3/56 MODIFICACIÓN DA ACTUAL REDACCIÓN DOS ACORDOS NÚMEROS 4/76 E 5/77, ADOPTADOS NO PLENO EXTRAORDINARIO CELEBRADO O 26 DE XUÑO DE 2023, RELATIVOS Á CREACIÓN E COMPOSICIÓN DAS COMISIÓNS PERMANENTES ORDINARIAS E ESPECIAIS DO PLENO (2025/G004/000183).- Examinado o expediente tramitado para os efectos e vistos:

...

En virtude de todo o cal, o Excmo. Concello Pleno, por unanimidade, **ACORDA:**

PRIMEIRO.- Crear a **COMISIÓN PERMANENTE ORDINARIA DE ALCALDÍA E TRANSICIÓN ECOLÓXICA E COHESIÓN TERRITORIAL**, que coñecerá dos asuntos que teñan que ser sometidos á decisión do Pleno da corporación en relación coas materias comprendidas na Área de Alcaldía e Transición Ecolóxica e na Área de Cohesión Territorial, mantendo no resto a literalidade do Acordo 2/16 do Pleno extraordinario do 1 de febreiro de 2024,...(*cuxo texto se publicou no BOP do 16-2-2024*)

SEGUNDO.- Crear a **COMISIÓN PERMANENTE ORDINARIA DE DINAMIZACIÓN ECONÓMICA E COHESIÓN SOCIAL**, que coñecerá dos asuntos que teñan que ser sometidos á decisión do Pleno da corporación en relación coas materias comprendidas na Área de Dinamización Económica e Relacións Institucionais e na Área de Cohesión Social, mantendo no resto a literalidade do Acordo 2/16 do Pleno extraordinario do 1 de febreiro de 2024,...(*cuxo texto se publicou no BOP do 16-2-2024*)

TERCEIRO.- Crear a **COMISIÓN PERMANENTE ESPECIAL DE CONTAS E ORDINARIA DE XESTIÓN DE RECURSOS INTERNOS, URBANISMO E DEPORTES E XUVENTUDE**, que terá as funcións que lle asignan os artigos 116 da Lei 7/1985, reguladora das bases do réxime local, e 130.3 do ROMP.

Así mesmo, actuará como comisión permanente ordinaria para os asuntos relativos á área de goberno con competencias en materia de Xestión de Recursos Internos, Urbanismo e Deportes e Xuventude, mantendo no resto a literalidade do Acordo 2/16 do Pleno extraordinario, do 1 de febreiro de 2024,...(*cuxo texto se publicou no BOP do 16-2-2024*)

CUARTO.- Manter a denominación, composición e ámbito material das seguintes comisións, tal e como recolle o Acordo 2/16 do Pleno extraordinario, do 1 de febreiro de 2024, ...(*cuxo texto se publicou no BOP do 16-2-2024*):

- **COMISIÓN PERMANENTE ORDINARIA DE CULTURA, TURISMO E PROMOCIÓN DA LINGUA E DE MOBILIDADE E INFRAESTRUTURAS URBANAS.**

- **COMISIÓN ESPECIAL DE SUXESTIÓNS E RECLAMACIÓNS E PERMANENTE ORDINARIA DE PARTICIPACIÓN E SERVIZOS PARA A VECIÑANZA.**

4/57 MODIFICACIÓN DA ACTUAL REDACCIÓN DO ACORDO NÚMERO 6/78, ADOPTADO NO PLENO EXTRAORDINARIO CELEBRADO O 26 DE XUÑO DE 2023, RELATIVO ÁS ASIGNACIÓNS POR ASISTENCIAS E INDEMNIZACIÓNS A MEMBROS DA CORPORACIÓN E ASIGNACIÓNS ECONÓMICAS AOS GRUPOS POLÍTICOS MUNICIPAIS (2025/G004/000186).- Examinado o expediente tramitado para os efectos, e vistos:

...

En virtude de todo o cal, o Excmo. Concello Pleno, por unanimidade, **ACORDA:**

MODIFICAR o Acordo número 6/78 adoptado na sesión extraordinaria celebrada polo Excmo. Concello Pleno o 26 de xuño de 2023 -modificado á súa vez polos acordos número 3/17 do Pleno extraordinario do 1 de febreiro de 2024 e 8/90 do Pleno ordinario do 30 de maio de 2024-, no sentido de adaptar a denominación das tenencias de Alcaldía e concellerías delegadas ao establecido no Decreto 2730/2025, do 19 de marzo, polo que se establece a nova organización municipal dende o 20 de marzo de 2025, cuxos parágrafos **PRIMEIRO** e **SEGUNDO** da súa parte dispositiva quedarán redactados como segue:

“PRIMEIRO.- Aprobar o seguinte RÉXIME DE ASIGNACIÓNS POR ASISTENCIAS E INDEMNIZACIÓNS A MEMBROS DA CORPORACIÓN E GRUPOS POLÍTICOS:

A) Determinación os supostos de RETRIBUCIÓNS E ASIGNACIÓNS DE DEDICACIÓNS EXCLUSIVAS E PARCIAIS:

1.- O alcalde/alcaldesa presidente/a percibirá como retribución, en réxime de dedicación exclusiva, a cantidade de **75.773,74 euros**, repartidas en 14 mensualidades (cos futuros incrementos anuais que correspondan).

2.- Dentro da consignación global da correspondente aplicación orzamentaria, están dotados en réxime de dedicación exclusiva na contía de **54.713,96 euros**, repartidos en catorce mensualidades (cos futuros incrementos anuais que correspondan), aos seguintes 13 cargos:

- Á tenencia de Alcaldía delegada da Área de Xestión Integral de Recursos Internos, Urbanismo e Deportes e Xuventude.
- Á Concellería Delegada de Urbanismo, Deportes e Xuventude.
- Á tenencia de Alcaldía delegada da Área de Dinamización Económica e Relacións Institucionais.
- Á tenencia de Alcaldía delegada da Área de Cohesión Territorial.
- Á tenencia de Alcaldía delegada da Área de Cohesión Social.
- Á tenencia de Alcaldía delegada da Área de Cultura, Turismo e Promoción da Lingua.
- Á Concellería Delegada de Educación e Difusión do Coñecemento.
- Á tenencia de Alcaldía delegada da Área de Participación e Servizos para a Veciñanza.
- Á tenencia de Alcaldía delegada da Área de Mobilidade e Infraestruturas Urbanas.
- Á Concellería Delegada de Infraestruturas Urbanas.
- Tres concelleiros/as do Grupo Municipal do Partido Popular.

3.- Dentro da consignación global da correspondente aplicación orzamentaria, está dotado en réxime de dedicación parcial (cun 70% da dedicación exclusiva) na contía de **38.299,80 euros**, repartidos en catorce mensualidades (cos futuros incrementos anuais que correspondan), ao seguinte cargo:

- Á Concellería Delegada de Muller, Igualdade e Inclusión.

4.- Dentro da consignación global da correspondente aplicación orzamentaria, está dotado en réxime de dedicación parcial (cun 30% da dedicación exclusiva) na contía de **16.414,16 euros**, repartidos en catorce mensualidades (cos futuros incrementos anuais que correspondan), ao seguinte cargo:

- Á Concellería Delegada de Movementos Migratorios.

Aplicaráselles as asignacións anteriores aos concelleiros/as con dedicación exclusiva ou parcial a proposta da Alcaldía Presidencia e tras a acreditación da existencia de crédito orzamentario.

As retribucións dos membros das corporacións locais serán obxecto de actualización nos mesmos termos recollidos para os funcionarios de carreira nas sucesivas leis de orzamentos xerais do Estado e ata os límites establecidos nestas ou nas disposicións que as regulen.

No caso de que un concelleiro/a con dedicación exclusiva ou parcial pasase a atoparse en situación de baixa por motivos de saúde, establecerase o complemento retributivo desde o primeiro día de incapacidade temporal que, sumado á prestación do réxime xeral da Seguridade Social, alcance ata un máximo do 100 % das súas retribucións fixas do mes de inicio da incapacidade temporal.

No caso do cesamento anticipado á extinción do mandato, os membros corporativos saíntes terán dereito á liquidación pola parte proporcional das vacacións non desfrutadas, se é o caso.

B) Determinación dos supostos nos que a concorrência efectiva ás sesións de órganos colexiados devindicará dereito á percepción de ASISTENCIAS e contía destas.

1. Por asistencias a sesións, percibirán todos os membros electivos da Corporación que non teñan dedicación exclusiva nin parcial as seguintes indemnizacións:

- a) Por concorrência a sesións do Concello Pleno, a asistencia de 100 euros, sen que poida adquirirse o dereito a percibir máis dunha asistencia por día.
- b) Por concorrência a sesións da Xunta de Goberno Local, a asistencia de 60 euros, coa mesma limitación do parágrafo anterior.
- c) Por concorrência ás sesións das comisións de Pleno, a asistencia de 100 euros, sen que poida adquirirse o dereito a percibir máis dunha asistencia por día.

Só os membros da corporación que non teñan dedicación exclusiva nin parcial terán dereito á percepción destas asistencias.

C) Ao abeiro do establecido no artigo 73.3 da Lei de bases, a DOTACIÓN ECONÓMICA MENSUAL QUE CORRESPONDE A CADA GRUPO será a que resulte da suma dos seguintes conceptos:

- Compoñente fixo: 3.900,00 euros.

- Compoñente variable: 500,00 euros por membro.

SEGUNDO.- As dedicacións fixadas neste acordo producirán efectos con carácter retroactivo ao día da efectiva delegación nos tenentes e tenentas de alcalde delegados e delegadas, concelleiros e concelleiras delegados e delegadas así como aos tres concelleiros do Grupo Municipal do Partido Popular (20 de marzo de 2025), coas seguintes excepcións:

1. A atribuída á Alcaldía producirá efectos dende o 1 de abril de 2025, logo da renuncia de don Miguel Fernández Méndez á dedicación que viña percibindo polo desempeño da delegación da área de Xestión Territorial, Formación, Ensino e Economía do Coñecemento na Ilma. Deputación Provincial de Lugo.

2. A atribuída á Concellería Delegada de Movementsos Migratorios producirá efectos dende o 30 de abril de 2025.”

5/58 COMPATIBILIDADE DO EXERCICIO DA ACTIVIDADE PROFESIONAL DE AVOGADO COA TITULARIDADE DA CONCELLERÍA DELEGADA DE MOVEMENTOS MIGRATORIOS, POR PARTE DE DON WALDIR SINISTERRA RESTREPO, COA PERCEPCIÓN DAS RETRIBUCIÓNS POLO EXERCICIO DESTES CARGOS EN RÉXIME DE DEDICACIÓN PARCIAL (2025/G004/000201).- Examinado o expediente tramitado para os efectos e vistos:

...

En virtude de todo o cal, o Excmo. Concello Pleno, por maioría absoluta, **ACORDA:**

AUTORIZAR a compatibilidade solicitada por DON WALDIR SINISTERRA RESTREPO para o desempeño do cargo de concelleiro delegado de Movementsos Migratorios co exercicio da actividade privada de avogado.

19/72 DACIÓN DE CONTA DO DECRETO NÚMERO 2730/2025, DO 19 DE MARZO, DE ORGANIZACIÓN MUNICIPAL DENDE O 20 DE MARZO DE 2025-CORPORACIÓN 2023-2027 (Exp. 2025/G004/000185). O Pleno tomou razón deste Decreto cuxo texto xa foi publicado no Boletín Oficial da Provincia do 5 de abril de 2025.

C) Con data do 6 de maio de 2025, a Alcaldía ditou o Decreto número 4403, asignando unha dedicación parcial ao concelleiro don Waldir Sinisterra Restrepo e cuxa parte resolutiva é so seguinte teor:

ASIGNACIÓN DUNHA DEDICACIÓN PARCIAL A DON WALDIR SINISTERRA RESTREPO, CONCELEIRO DELEGADO DE MOVEMENTOS MIGRATORIOS (2025/G001/004627)

Examinado o expediente tramitado para os efectos, e vistos:

...

En virtude de todo o cal, e tendo en conta o disposto no artigo 75 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, que establece que os membros das corporacións locais percibirán retribucións polo exercicio dos seus cargos cando os desempeñen con dedicación exclusiva ou parcial, **determinando o presidente da corporación os membros dela que realizarán as súas funcións neste réxime de dedicación, RESOLVO:**

Primeiro.- Asignarlle unha dedicación parcial (cun 30% da dedicación exclusiva) a don Waldir Sinisterra Restrepo, concelleiro delegado de Movementsos Migratorios, na contía de 16.414,16 euros, repartidos en catorce mensualidades (cos incrementos anuais que correspondan) con efectos dende o 30 de abril de 2025.

Segundo.- Notificarlle esta resolución ao dito concelleiro coas seguintes indicacións:

- Lémbrese que a percepción das retribucións exclusivas e parciais é incompatible con outras con cargo aos presupostos das administracións públicas e entes, organismos ou empresas que dependan delas, ou o desenvolvemento doutras actividades, nos termos da normativa sobre incompatibilidades do persoal ao servizo das administracións públicas. Tampouco terán dereito a percibir asistencias pola concorrencia efectiva ás sesións dos órganos colexiados aínda que si ás indemnizacións que correspondan polos gastos ocasionados no exercicio dos seus cargos.

- O desempeño dun cargo con dedicación exclusiva ou parcial require a súa aceptación polo designado ou designada que, neste caso, terá efectos dende o 30 de abril de 2025.

Terceiro.- Notifíqueselles aos servizos Económicos e ao de Persoal para os efectos oportunos e o aboamento das retribucións que correspondan.

Cúmprase.

Lugo, 28 de maio de 2025.- A secretaria xeral do Pleno, dona Ana María Rivas García.

R. 1438

OUTEIRO DE REI

Anuncio

Por Resolución da alcaldía de data 26 de maio de 2025, aprobouse o Padrón Tributario da taxa pola prestación do servizo de augas, sumidoiro, lixo e Canon de auga da Xunta, correspondente ao 2º bimestre do exercicio 2025, así como a apertura dun período de información pública por prazo de un mes a partir da publicación do presente edicto no B.O.P. durante o cal todos os interesados poderán consultar o seu contido no Concello e presentar as alegacións que estimen oportunas. Queda aberto o prazo de cobro en período voluntario dende o día 1 de xuño ata o 16 de xuño de 2025. Contra o acto de aprobación do padrón e da liquidación de tributos municipais incorporada a este, poderase formular recurso de reposición ante esta Alcaldía, no prazo de un mes contado dende o día seguinte ao de finalización do período de exposición ao público do padrón de contribuíntes ou ben recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Lugo, sen que poidan interpoñerse ambos simultaneamente. Transcorrido o período de pago en voluntaria as débedas co municipio serán esixidas polo procedemento de constrinximento co correspondente recargo de mora e costas que se produzan, no seu caso.

A falta de pagamento do Canon da Auga da Xunta no período voluntario sinalado suporá a exixencia do mesmo directamente ao contribuínte pola vía de constrinximento pola consellería competente en materia de facenda da Xunta de Galicia. A repercusión do canon da auga poderá ser obxecto de reclamación económico-administrativa ante o órgano económico-administrativo da Comunidade Autónoma de Galicia no prazo dun mes dende esta notificación. O presente anuncio ten carácter de notificación colectiva ao abeiro do establecido nos artigos 102 da Lei Xeral Tributaria e 23 e 24 do RD 939/2005, de 29 de xullo, polo que se aproba o Regulamento Xeral de Recadación.

Outeiro de Rei, 27 de maio de 2025.- O Alcalde, José Pardo Lombao.

R. 1439

SARRIA

Anuncio

NOTIFICACIÓN COLECTIVA DE DÉBEDAS TRIBUTARIAS DE VENCEMENTO PERIÓDICO PADRÓN DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR

EDICTO

De conformidade co establecido no artº 102.3 da Lei 58/2003, xeral tributaria, do 17 de decembro, notifícase colectivamente a liquidación do prezo público correspondentes ó servizo de axuda no fogar do **MES DE ABRIL DE 2025**.

O expediente poderá ser consultado polos interesados nas dependencias de servizos sociais do Concello de Sarria, durante o prazo de 15 días a contar dende a publicación deste anuncio no BOP de Lugo.

Contra as liquidacións provisionais anteriores, poderase interpoñer recurso de reposición perante o órgano competente do Concello no prazo dun mes, a contar dende o día seguinte o de finalización do prazo de exposición, ou calquer outro que se considere procedente. Todo iso, en virtude do establecido no artº 14.2 do Texto refundido da Lei reguladora das Facendas Locais.

ANUNCIO DE COBRANZA

De conformidade co establecido no artº 24 e 25 do Regulamento Xeral de Recaudación, aprobado por R.D. 939/2002, do 29 de xullo e artº 6 da ordenanza fiscal municipal comunícase como PRAZO, LUGAR E FORMA DE PAGO:

Nos primeiros vinte días do mes seguinte á prestación do SAF, na entidade bancaria que a persoa usuaria estableceu para o seu efecto.

Infórmase de que as débedas derivadas da falta de pago do prezo público serán esixidas de conformidade co disposto na lexislación tributaria polo procedemento administrativo de constrinximento.

Sarria, 28 de maio de 2025.- O alcalde, Claudio M. Garrido Martínez.

R. 1440

Anuncio

Mediante Decreto 2025-0798, de data 27/05/2025, o Sr. Alcalde do Concello de Sarria acordou aprobar a lista provisional de persoas admitidas e excluídas ao proceso selectivo de dúas prazas de policía local, escala básica, mediante oposición libre (OE 2024).

Ábrese o **prazo de 10 días hábiles**, contados desde o seguinte ao da publicación da lista provisional de admitidos/as e excluídos/as no Boletín Oficial da Provincia, co fin de emendar o defecto que motivara a súa non admisión ou a non exención da proba de coñecementos da lingua galega.

RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA APROBANDO A LISTA PROVISIONAL DE ADMITIDOS E EXCLUÍDOS AO PROCESO DE SELECCIÓN DE DUAS PRAZAS DE POLICIA LOCAL, ESCALA BÁSICA, MEDIANTE OPOSICIÓN LIBRE.

Antecedentes:

Mediante Decreto 2025-0011, de data 07/01/2025, aprobouse a convocatoria e bases para a provisión de dúas prazas de policía local, funcionarios de carreira, mediante o sistema de oposición libre.

As bases foron publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Lugo nº46 de data 25/02/2025

Publicouse extracto da convocatoria no Diario Oficial de Galicia nº50 de data 13/03/2025 e no Boletín Oficial do Estado nº70 de data 22/03/2025, abríndose o prazo de presentación de instancias de 20 días hábiles contados a partir do día seguinte desta última publicación.

Constando persoas excluídas e considerando que na base 4.1 se establece que esta alcaldía ditará resolución pola que se declarará aprobada a lista provisional dos/das aspirantes admitidos/as e excluídos/as, con indicación das causas de exclusión, de ser o caso, así como os/as candidatos/as que quedan eximidos da realización do exame de galego. Esta resolución publicarase no Boletín Oficial da Provincia, no taboleiro de anuncios e na sede electrónica do Concello de Sarria <https://sarria.sedelectronica.es>.

De conformidade co establecido no artigo 20 do Regulamento Xeral de Ingreso do Persoal ao Servizo da Administración Xeral do Estado e de Provisión de Postos de Traballo e Promoción Profesional dos Funcionarios Cívís da Administración Xeral do Estado, aprobado polo Real Decreto 364/1995, de 10 de marzo, e o artigo 21.1.g), da Lei 7/1985, de 2 de abril, de Bases de Réxime Local,

RESOLVO

PRIMEIRO. Aprobar, conforme o punto 4 das bases, a seguinte relación provisional de aspirantes admitidos e excluídos:

APELIDOS E NOME	DNI	CELGA 4	IDIOMA PROBA	ADMITIDO/A	CAUSA EXCLUSIÓN
ABAD DÍAZ, DANIEL	**203*	SI	NON INDICA	NON	NON PRESENTA O MODELO DE INSTANCIA INCLUIDO NAS BASES. NON INDICA O IDIOMA DA PROBA
ABAL CHAVES, REINALDO	**545*	NON	CASTELÁN	SI	
ALAR OTERO, ANDREA	**112*	SI	CASTELÁN	SI	
ALONSO CABALEIRO, ANDREA	**398*	SI	NON INDICA	NON	NON PRESENTA MODELO DE INSTANCIA INCLUIDO NAS BASES. NON INDICA O IDIOMA DA PROBA. NON PRESENTA DECLARACIÓN XURADA (ANEXO III). NON PRESENTA CERTIFICADO DE ANTECEDENTES PENAI. NON PRESENTA PERMISO DE CONDUCIR A2 E B.
ÁLVAREZ FERNÁNDEZ, JAVIER	**149*	NON	NON INDICA	NON	NON PRESENTA O MODELO DE INSTANCIA INCLUIDO NAS BASES. NON INDICA O IDIOMA DA PROBA. NON PRESENTA DECLARACIÓN XURADA DE PORTAR ARMAS. NON PRESENTA CERTIFICADO DE ANTECEDENTES PENAI. NON PRESENTA TITULACIÓN ESIXIDA NAS BASES. NON PRESENTA CARNET DE CONDUCIR A2 E B. NON PRESENTA FOTOCOPIA DO DNI.

ÁLVAREZ GÓMEZ, IAGO	**009*	SI	NON INDICA	NON	NON PRESENTA O MODELO DE INSTANCIA INCLUIDO NAS BASES. NON INDICA O IDIOMA DA PROBA. NON PRESENTA CARNET DE CONDUCIR A2 E B.
ARES ROCA, MARÍA VICTORIA	**248*	SI	NON INDICA	NON	NON PRESENTA O MODELO DE INSTANCIA INCLUIDO NAS BASES. NON INDICA O IDIOMA DA PROBA NON PRESENTA CARNET DE CONDUCIR A2 E B. NON PRESENTA CERTIFICADO DE ANTECEDENTES PENAS. O XUSTIFICANTE DA TAXA É INFERIOR AO IMPORTE ESTABLECIDO NAS BASES. NON PRESENTA DECLARACIÓN XURADA (ANEXO III)
ARGIBAY LAGO, RUDY	**633*	SI	CASTELÁN	SI	
ARGÜELLES AVIN, ADRIÁN	**349*	NON	CASTELÁN	NON	INSTANCIA FORA DE PRAZO (NON SUBSANABLE). TAXA ABANOADA FORA DE PRAZO (NON SUBSANABLE)
